Nunca se fixo un esforzo inversor tan relevante, nunca se dedicaron tantos recursos propios e alleos como os dispostos neste orzamento, pero non estaríamos contando todo o que sucede se non citáramos os fondos europeos Next Generation. Esta administración é das administracións que en toda España xestiona máis fondos europeos. Os fondos europeos Next Generation permitirán proseguir coa humanización da cidade en todos e cada un dos nosos barrios así como avanzar tamén na construción da intermodal a través das achegas do Estado. Creo que estamos diante dunha actuación relevante, a estación intermodal, ó igual que previamente se licitou o tren a Punta Langosteira ou se comezou coa rexeneración da ría do Burgo, todas elas inversións do Goberno de España e todas elas xestións feitas pola nosa alcaldesa para que a cidade puidera ter esas infraestruturas, eses equipamentos que se levaban demandando dende fai moitísimos anos. A última, que non a derradeira, é a ampliación, reforma e ampliación, da avenida de Alfonso Molina largamente prometida, largamente publicitada por moitos gobernos, sobre todo anteriores, e finalmente conseguida e que vai a supoñer tamén a execución dunha actuación moi importante por máis de 20 millóns de euros na cidade.

Non é casual que este ano se apostara por multiplicar o investimento, non o é, non o é, e aquí cabe unha explicación. Evidentemente podíamos non dar a explicación, pero sería furtarlle a este pleno unha explicación que é necesario dar. Na planificación orzamentaria do mandato 2023-2027 e tendo en conta o contexto europeo, e tendo en conta o marco normativo e as regras fiscais, este orzamento ten todo o sentido que sexa un orzamento que aposte polo investimento.

*Nunca se hizo un esfuerzo inversor tan relevante, nunca se dedicaron tantos recursos propios y ajenos como los dispuestos en este presupuesto, pero no estaríamos contando todo lo que sucede si no citáramos los fondos europeos Next Generation. Esta administración es de las administraciones que en toda España gestiona más fondos europeos. Los fondos europeos Next Generation nos permitirán proseguir con la humanización de la ciudad en todos y cada uno de nuestros barrios así como avanzar también en la construcción de la intermodal a través de las aportaciones del Estado. Creo que estamos ante de una actuación relevante, la estación intermodal, al igual que previamente se licitó el tren a Punta Langosteira o se comenzó con la regeneración de la ría del Burgo, todas ellas inversiones del Gobierno de España y todas ellas gestiones hechas por nuestra alcaldesa para que la ciudad pudiera tener esas infraestructuras, esos equipamientos que se llevaban demandando desde hace muchísimos años. La última, que no la definitiva, es la ampliación, reforma y ampliación, de la avenida de Alfonso Molina largamente prometida, largamente publicitada por muchos gobiernos, sobre todo anteriores, y finalmente conseguida y que va a suponer también la ejecución de una actuación muy importante por más de 20 millones de euros en la ciudad.*

*No es casual que este año se apostara por multiplicar la inversión, no lo es, no lo es, y aquí cabe una explicación. Evidentemente podíamos no dar la explicación, pero sería hurtarle a este pleno una explicación que es necesario dar. En la planificación presupuestaria del mandato 2023-2027 y teniendo en cuenta el contexto europeo, y teniendo en cuenta el marco normativo y las reglas fiscales, este presupuesto tiene todo el sentido que sea un presupuesto que*



A Coruña é hoxe un referente en España e tamén o é fóra das nosas fronteiras. Somos novamente unha cidade que se converte en modelo para outras moitas. Temos que ser capaces de afianzar a posición, non só para atraer turismo, que tamén, senón para converter A Coruña nun espazo máis atractivo para atraer o capital privado e o investimento. Son orzamentos expansivos porque queremos reforzar a proxección e o crecemento da cidade, pero son orzamentos expansivos sobre todo porque están pensados para os coruñeses e para as coruñesas, para mellorar os nosos barrios e tamén, por que non dicilo, para mellorar a situación dos nosos equipamentos públicos, que precisan dun esforzo despois de que durante moitos anos nos dotáramos de importantes equipamentos que agora precisan de actuacións de mantemento e de conservación.

O orzamento do ano 22, como recorda, xa fora un orzamento do que agora se dá en denominar histórico, palabra que xa está moi manoseada e que procurarei non referir, salvo que sexa moi necesario.

Estes orzamentos, con 65 millóns de euros máis, desde logo marcan un antes e un despois, sobre todo polo que se refire ó investimento. É certo que nunca se investiu tanto na Coruña como nos últimos anos. No ano 2023 teño que dicirlles que chegado este mes, o mes de novembro, estamos en case 40 millóns executados, case 40 millóns executados. Se vostedes son capaces de buscar algunha anualidade, algunha, nos últimos 15 anos, onde se executaran 40 millóns de euros de inversión, eu rétoos a que poidan dicir un só ano donde se executaran 40 millóns en investimentos.

*apueste por la inversión. A Coruña es hoy un referente en España y también lo es fuera de nuestras fronteras. Somos nuevamente una ciudad que se convierte en modelo para otras muchas. Tenemos que ser capaces de afianzar la posición, no solo para atraer turismo, que también, sino para convertir A Coruña en un espacio más atractivo para atraer el capital privado y la inversión. Son presupuestos expansivos porque queremos reforzar la proyección y el crecimiento de la ciudad, pero son presupuestos expansivos sobre todo porque están pensados para los coruñeses y para las coruñesas, para mejorar nuestros barrios y también, por que no decirlo, para mejorar la situación de nuestros equipamientos públicos, que precisan de un esfuerzo después de que durante muchos años nos dotáramos de importantes equipamientos que ahora precisan de actuaciones de mantenimiento y de conservación.*

*El presupuesto del año 22, como recuerda, ya había sido un presupuesto de lo que ahora se da en denominar histórico, palabra que ya está muy manoseada y que procuraré no referir, salvo que sea muy necesario.*

*Estos presupuestos, con 65 millones de euros más, desde luego marcan un antes y un después, sobre todo por lo que se refiere a la inversión. Es cierto que nunca se invirtió tanto en A Coruña como en los últimos años. En el año 2023 tengo que decirles que llegado este mes, el mes de noviembre, estamos en casi 40 millones ejecutados, casi 40 millones ejecutados. Si ustedes son capaces de buscar alguna anualidad, alguna, nos últimos 15 años, donde se ejecutaran 40 millones de euros de inversión, yo los reto la que puedan decir un solo año donde se ejecutaran 40 millones en inversiones.*



No 2024 teremos só para investimentos 30.178.906 euros máis que no 2022, ata superar, como dicía, os 93 millóns de euros en total. Por poñer un exemplo para que todos nos decatemos das magnitudes das cifras, no ano 2016 no Capítulo 6, o orzamento total foi de 12,2 millóns de euros. Agora multiplicamos esta cifra por máis de 7. Isto suporá un revulsivo para todos e cada un dos nosos barrios, permitirá renovar, perdón, permitirá rematar a renovación completa do mercado de Monte Alto, da súa praza, da escola infantil e da súa contorna; permitirá facer realidade o agardado centro de saúde de Santa Lucía; permitirá rematar a rehabilitación da Casa Veeduría e con ela a revitalización da Cidade Vella; permitirá actuar tamén sobre as infraestruturas e equipamentos municipais para poder actualizalos e melloralos.

Este orzamento permitirá tamén —e isto é importante— potenciar os servizos públicos con máis recursos, facéndoos así máis eficientes, cun programa que reforce os servizos que ten o Concello. Xa éramos un referente na prestación de servizos públicos básicos, destinábamnos 149.694.909 €, agora esa cifra vai medrar ata superar os 181 millóns de euros destinados á prestación de servizos públicos básicos.

É indudable que este orzamento é a mellor ferramenta para garantir o futuro desta cidade nas condicións que merece. A Coruña está a vivir un crecemento como había anos que non se rexistraba. Temos a obriga de refrendalo e de impulsalo, temos a obriga de facelo mediante a aplicación de políticas progresistas que faciliten e melloren a vida dos cidadáns, non dos que o poidan pagar, senón de todos, unha política sen

*En 2024 tendremos solo para inversiones 30.178.906 euros más que en el 2022, hasta superar, como decía, los 93 millones de euros en total. Por poner un ejemplo para que todos nos enteremos de las magnitudes de las cifras, en el año 2016 en el Capítulo 6, el presupuesto total fue de 12,2 millones de euros. Ahora multiplicamos esta cifra por más de 7. Esto supondrá un revulsivo para todos y cada uno de nuestros barrios, permitirá renovar, perdón, permitirá finalizar la renovación completa del mercado de Monte Alto, de su plaza, de la escuela infantil y de su entorno; permitirá hacer realidad el esperado centro de salud de Santa Lucía; permitirá finalizar la rehabilitación de la Casa Veeduría y con ella la revitalización de la Ciudad Vieja; permitirá actuar también sobre las infraestructuras y equipamientos municipales para poder actualizarlos y mejorarlos.*

*Este presupuesto permitirá también —y esto es importante— potenciar los servicios públicos con más recursos, haciéndolos así más eficientes, con un programa que refuerce los servicios que tiene el Ayuntamiento. Ya éramos un referente en la prestación de servicios públicos básicos, destinábamnos 149.694.909 €, ahora esa cifra va a crecer hasta superar los 181 millones de euros destinados a la prestación de servicios públicos básicos.*

*Es indudable que este presupuesto es la mejor herramienta para garantizar el futuro de esta ciudad en las condiciones que merece. A Coruña está viviendo un crecimiento como hacía años que no se registraba. Tenemos el deber de refrendarlo y de impulsarlo, tenemos el deber de hacerlo mediante la aplicación de políticas progresistas que faciliten y mejoren la vida de los ciudadanos, no de los que lo puedan pagar, sino de todos,*





exclusións. É por isto polo que este concello asumirá tamén de novo, indo moito máis alá das súas competencias, un importante papel na promoción da vivenda.

Como xa dixen aquí e como xa ten anunciado a nosa alcaldesa, entre o ano 2024 e o ano 2030 impulsaremos a construción de máis de 4.000 vivendas, un plan de vivenda municipal das que a cuarta parte serán de protección oficial, é dicir, terán algún tipo de protección. Apostaremos tamén pola promoción propia en Xuxán, xa contemplado no anterior orzamento, e que inclúese tamén a partida correspondente no orzamento 2024 e que por aplicar sistemas de xestión de solo cos que fixamos o obxectivo de chegar ás 500 vivendas en alugueiro social dependente do Concello. Para iso, Emvsa collerá un papel relevante neste mandato.

Estes son, en definitiva, uns orzamentos que apostan por facer máis cidade, pola modernización da Coruña, pola humanización da Coruña, polos servizos da Coruña. Son, sen dúbida, os mellores orzamentos cos que poderíamos contar, un orzamento pensado baixo catro eixes irrenunciábeis, un orzamento que foi negociado e acordado poñendo como elementos de consenso a dinamización económica da cidade e a revitalización dos barrios, o benestar social e a igualdade de oportunidades, a mobilidade sostible e a promoción da cidade, da cultura, do deporte e do turismo. Son uns orzamentos irrenunciábeis porque baixo estas premisas poderemos garantir o crecemento horizontal, igualitario e que beneficie a todos por igual en todos os barrios. Basta con ollar o histórico de orzamentos da Coruña para decatarse de que nunca se fixo un orzamento desta

*una política sin exclusiones. Es por esto por lo que este ayuntamiento asumirá también de nuevo, yendo mucho más allá de sus competencias, un importante papel en la promoción de la vivienda.*

*Como ya dije aquí y como ya ha anunciado nuestra alcaldesa, entre el año 2024 y el año 2030 impulsaremos la construcción de más de 4.000 viviendas, un plan de vivienda municipal de las que la cuarta parte serán de protección oficial, es decir, tendrán algún tipo de protección. Apostaremos también por la promoción propia en Xuxán, ya contemplado en el anterior presupuesto, y que se incluye también la partida correspondiente en el presupuesto 2024 y que por aplicar sistemas de gestión de suelo con los que fijamos el objetivo de llegar a las 500 viviendas en alquiler social dependiente del Ayuntamiento. Para eso, Emvsa cogerá un papel relevante en este mandato.*

*Estos son, en definitiva, unos presupuestos que apuestan por hacer más ciudad, por la modernización de A Coruña, por la humanización de A Coruña, por los servicios de A Coruña. Son, sin duda, los mejores presupuestos con los que podríamos contar, un presupuesto pensado bajo cuatro ejes irrenunciábeis, un presupuesto que fue negociado y acordado poniendo como elementos de consenso la dinamización económica de la ciudad y la revitalización de los barrios, el bienestar social y la igualdad de oportunidades, la movilidad sostenible y la promoción de la ciudad, de la cultura, del deporte y del turismo. Son unos presupuestos irrenunciábeis porque bajo estas premisas podremos garantizar el crecimiento horizontal, igualitario y que beneficie a todos por igual en todos los barrios. Basta con mirar el histórico de presupuestos de A Coruña para enterarse de que nunca se hizo un*



magnitude, un esforzo orzamentario semellante.

Estamos diante dun orzamento que vai a marcar un punto de inflexión, sobre todo no referido ós investimentos, aínda que non só quero referirme ós investimentos. Este orzamento baséase tamén na prudencia fiscal e por suposto na capacidade de xestión dun goberno que ten acadado ingresos doutras administracións como non se tiñan acadado en décadas. Obviamente, a nosa política fiscal está destinada a consolidar servizos e á mellora da cidade. Para iso e non para outra cousa empregamos os ingresos deste concello.

Só poñerlles un exemplo: o Plan de humanización e investimentos nos barrios suma unha partida de máis de 26 millóns de euros. Os números hai que poñelos en contexto. Nos anos 2012 ou 2017, esta cifra era o investimento total anual deste concello, agora só é a cuarta parte, especificamente para humanización de barrios.

O Goberno de Inés Rey apostou por crear máis zonas verdes e haberá áreas verdes nesta cidade, con investimentos tan importantes como o parque do Vixía ou do Observatorio, o do Monte Martelo ou a reforma de Santa Margarida.

Este goberno apostou polas humanizacións e culminará neste mandato a rolda peonil e a humanización de rúas, moitas delas adxudicadas xa a través dos fondos Next Generation. Concretamente, no referido á rolda peonil está executado máis de 2/3 da mesma. Queda, fundamentalmente, o que se refire á rúa Sagrada Familia e unha pequena actuación que chega ata o Observatorio. Está contemplado nestes orzamentos do 2024 e, polo tanto,

*presupuesto de esta magnitud, un esfuerzo presupuestario semejante.*

*Estamos ante un presupuesto que va a marcar un punto de inflexión, sobre todo en lo referido a las inversiones, aunque no solo quiero referirme a las inversiones. Este presupuesto se basa también en la prudencia fiscal y por supuesto en la capacidad de gestión de un gobierno que ha conseguido ingresos de otras administraciones como no se habían conseguido en décadas. Obviamente, nuestra política fiscal está destinada a consolidar servicios y a la mejora de la ciudad. Para eso y no para otra cosa empleamos los ingresos de este ayuntamiento.*

*Solo ponerles un ejemplo: el Plan de humanización e inversiones en los barrios suma una partida de más de 26 millones de euros. Los números hay que ponerlos en contexto. En los años 2012 o 2017, esta cifra era la inversión total anual de este ayuntamiento, ahora solo es la cuarta parte, específicamente para humanización de barrios.*

*El Gobierno de Inés Rey apostó por crear más zonas verdes y habrá áreas verdes en esta ciudad, con inversiones tan importantes como el parque del Vixía o del Observatorio, el del Monte Martelo o la reforma de Santa Margarita.*

*Este gobierno apostó por las humanizaciones y culminará en este mandato la ronda peatonal y la humanización de calles, muchas de ellas adjudicadas ya a través de los fondos Next Generation. Concretamente, en lo referido a la ronda peatonal está ejecutado más de 2/3 de la misma. Queda, fundamentalmente, lo que se refiere a la calle Sagrada Familia y una pequeña actuación que llega hasta el Observatorio. Está contemplado en estos presupuestos*





estamos diante dun feito pouco discutible, unha actuación que desde logo marca un camiño con máis de 3,5 quilómetros de ronda peonil.

Este goberno apostou pola mobilidade sostible e elaborará un novo plan de mobilidade urbana que suporá, non só a expansión de BiciCoruña por toda a cidade, senón tamén a mellora do transporte público coa nova licitación do servizo, estudando todas as posibilidades, e imos a seguir apostando por fomentar os desprazamentos a pé e facilitaremos a mobilidade aí onde resulte máis complexa, e para iso estudaremos a instalación de escaleiras mecánicas en diversos espazos da cidade, pero quero referirme aquí a algunhas actuacións singulares que teñen que ver coa mellora da accesibilidade, por exemplo, na avenida de Oza, entre a avenida de Oza e a Mercé, ou a mellora da accesibilidade no Castrillón.

Este goberno apostou tamén pola cultura e polos barrios, e por completar a rede de bibliotecas, e haberá nova biblioteca en Novo Mesoiro e melloras sensíbeis na rede actual, donde hai un compromiso que quero hoxe referir aquí, con respecto a unificar a rede de bibliotecas, para o cal se está traballando na mesma, e tamén cunha ampliación do espazo non só mellora da rede, nova biblioteca en Novo Mesoiro, senón tamén a ampliación do espazo na Sagrada Familia e unha nova biblioteca en Palavea.

E este goberno apostou pola dinamización económica, pero tamén pola planificación, e contaremos cun plan estratéxico da Coruña 2025-2050 que permitirá guiar o crecemento da nosa cidade seguindo as directrices marcadas

*del 2024 y, por lo tanto, estamos ante de un hecho poco discutible, una actuación que desde luego marca un camino con más de 3,5 kilómetros de ronda peatonal.*

*Este gobierno apostó por la movilidad sostenible y elaborará un nuevo plan de movilidad urbana que supondrá, no solo la expansión de BiciCoruña por toda la ciudad, sino también la mejora del transporte público con la nueva licitación del servicio, estudiando todas las posibilidades, y vamos a seguir apostando por fomentar los desplazamientos a pie y facilitaremos la movilidad ahí donde resulte más compleja, y para eso estudiaremos la instalación de escaleras mecánicas en diversos espacios de la ciudad, pero quiero referirme aquí a algunas actuaciones singulares que tienen que ver con la mejora de la accesibilidad, por ejemplo, en la avenida de Oza, entre la avenida de Oza y la Mercé, o la mejora de la accesibilidad en el Castrillón.*

*Este gobierno apostó también por la cultura y por los barrios, y por completar la red de bibliotecas, y habrá nueva biblioteca en Novo Mesoiro y mejoras sensíbeis en la red actual, donde hay un compromiso que quiero hoy referir aquí, con respecto a unificar la red de bibliotecas, para lo cual se está trabajando en la misma, y también con una ampliación del espacio no solo mejora de la red, nueva biblioteca en Novo Mesoiro, sino también la ampliación del espacio en la Sagrada Familia y una nueva biblioteca en Palavea.*

*Y este gobierno apostó por la dinamización económica, pero también por la planificación, y contaremos con un plan estratégico de A Coruña 2025-2050 que permitirá guiar el crecimiento de nuestra ciudad siguiendo las directrices*



pola nosa alcaldesa e centradas no impulso á nova economía, como coa Cidade das TIC e a Aesia, sen descoidar o noso comercio tradicional con plans de dinamización propios. O plan estratéxico da Coruña 2025-2050 porase en marcha no ano 2024 e contará con expertos e con diferentes perfíles que poidan axudar a construír unha planificación para os próximos 25 anos.

Este goberno apostou polo benestar social e pola igualdade de oportunidades e sigue apostando, e por iso dotaremos as partidas máis importantes da historia deste concello a servizos —como dicía antes— como o de axuda no fogar ou as bolsas comedor.

Este goberno apostou polo deporte e por iso imos ter un plan director de instalacións deportivas que defina ben os investimentos dos vindeiros 10 anos e tamén, por que non dicilo, non só facer os investimentos, senón tamén os mantementos e que non suceda o que sucede coas instalacións deportivas da Comunidade Autónoma, mesmo en Elviña, que nalgúns casos a imaxen é absolutamente deplorable. Non se trata só de facer equipamentos, senón tamén de prever o seu mantemento. Creo que é un reto que temos tódalas administracións e creo que ben faríamos en dedicarlle algo de tempo, non só á construción do presente, senón ó mantemento do futuro.

Este goberno, en definitiva, apostou e aposta pola Coruña e o fai con decisión, poñendo todos os recursos necesarios para que esta cidade sexa a primeira de Galicia e un exemplo a seguir en todo o país. Coido que imos polo bo camiño e coido que dende o 1 de xaneiro teremos a mellor ferramenta para impulsar A Coruña como non se tiña feito en moitos

*marcadas por nuestra alcaldesa y centradas en el impulso a la nueva economía, como con la Ciudad de las TIC y la Aesia, sin descuidar nuestro comercio tradicional con planes de dinamización propios. El plan estratégico de A Coruña 2025-2050 se pondrá en marcha en el año 2024 y contará con expertos y con diferentes perfiles que puedan ayudar a construir una planificación para los próximos 25 años.*

*Este gobierno apostó por el bienestar social y por la igualdad de oportunidades y sigue apostando, y por eso dotaremos las partidas más importantes de la historia de este ayuntamiento a servicios —como decía antes— como el de ayuda en el hogar o las becas comedor.*

*Este gobierno apostó por el deporte y por eso vamos a tener un plan director de instalaciones deportivas que defina bien las inversiones de los próximos 10 años y también, por qué no decirlo, no solo hacer las inversiones, sino también los mantenimientos y que no suceda lo que sucede con las instalaciones deportivas de la Comunidad Autónoma, por ejemplo en Elviña, que en algunos casos la imagen es absolutamente deplorable. No se trata solo de hacer equipamientos, sino también de prever su mantenimiento. Creo que es un reto que tenemos todas las administraciones y creo que bien haríamos en dedicarle algo de tiempo, no solo a la construcción del presente, sino al mantenimiento del futuro.*

*Este gobierno, en definitiva, apostó y apuesta por A Coruña y lo hace con decisión, poniendo todos los recursos necesarios para que esta ciudad sea la primera de Galicia y un ejemplo a seguir en todo el país. Pienso que vamos por el buen camino y pienso que desde el 1 de enero tendremos la mejor herramienta para impulsar A Coruña como no se había*



anos.

Creo que todo proxecto é mellorable, seguramente tamén este proxecto de orzamentos, pero en calquera caso, teño que dicir que está feito coa maior ilusión, coa maior dedicación, co maior esforzo e, por que non dicilo, está feito a partir dun acordo político tamén co Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, creo que non debo de ser eu, aínda que presente o proxecto de orzamentos, o que fale do que teña que aportar ou do que teña que dicir o BNG. Por iso, a miña exposición foi nestes termos e quero que quede ben claro que chegamos a este punto despois de partir de posicións diferentes, seguimos tendo posicións diferentes porque somos forzas políticas diferentes, cada un defende a súa posición, pero creo que somos capaces de poñernos de acordo e eu creo que iso é o substancial.

Nada máis e moitas grazas.

### Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos o debate. Ten a palabra o voceiro do BNG, señor Jorquera.

**Ás doce horas e cinco minutos saen do Salón de Sesións os señores Lorenzo Torres e San Claudio Yáñez.**

### Señor Jorquera Caselas

Moitas grazas.

En primeiro lugar, un saúdo a todas e a todos.

O pasado 21 de novembro, tras unha comparecencia do BNG, o Grupo Popular emitiu un comunicado no que mostraba a súa preocupación polos

*hecho en muchos años.*

*Creo que todo proyecto es mejorable, seguramente también este proyecto de presupuestos, pero en cualquier caso, tengo que decir que está hecho con la mayor ilusión, con la mayor dedicación, con el mayor esfuerzo y, por qué no decirlo, está hecho a partir de un acuerdo político también con el Bloque Nacionalista Galego. Por lo tanto, creo que no debo de ser yo, aunque presente el proyecto de presupuestos, el que hable de lo que tenga que aportar o de lo que tenga que decir el BNG. Por eso, mi exposición fue en estos términos y quiero que quede bien claro que llegamos a este punto después de partir de posiciones diferentes, seguimos teniendo posiciones diferentes porque somos fuerzas políticas diferentes, cada uno defiende su posición, pero creo que somos capaces de ponernos de acuerdo y yo creo que eso es lo sustancial.*

*Nada más y muchas gracias.*

### Presidencia

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Iniciamos el debate. Tiene la palabra el portavoz del BNG, señor Jorquera.*

***A las doce horas y cinco minutos salen del Salón de Sesiones los señores Lorenzo Torres y San Claudio Yáñez.***

### Señor Jorquera Caselas

*Muchas gracias.*

*En primer lugar, un saludo a todas y a todos.*

*El pasado 21 de noviembre, tras una comparecencia del BNG, el Grupo Popular emitió un comunicado en el que mostraba su preocupación por los*



orzamentos. Dicía textualmente: o 1 de xaneiro non haberá orzamento aprobado. Equivocáronse vostedes de plano.

Co acordo político entre o Goberno local e o BNG para a aprobación do proxecto de orzamento do Concello da Coruña para o ano 2024 dáse cumprimento a un dos compromisos que figuraban no acordo de investidura suscrito entre os grupos municipais do PSdeG-PSOE e o BNG. Cito textualmente: iniciar a negociación dos orzamentos con tempo suficiente para que haxa uns orzamentos aprobados que poidan entrar en vigor o 1 de xaneiro, e iso de por si xa é un logro. Era mau para A Coruña seguir funcionando con orzamentos prorrogados e desde hai anos, ou ben non houbo orzamentos, ou ben estes entraron en vigor co exercicio moi avanzado. Por iso, que haxa un acordo que permitirá dotar a cidade de novos orzamentos desde o primeiro día do exercicio 2024 é algo do que todos e todas deberíamos de felicitarlos.

Como todo acordo, para facelo posíbel houbo que buscar os puntos de encontro e, por tanto, ter tamén a disposición a ceder por ambas partes, pero o proxecto de orzamentos incorpora grande parte das propostas do BNG e os grandes eixos que vertebran este proxecto son coherentes coas prioridades que ó noso xuízo deben orientar a acción municipal nos próximos exercicios. O eixo social, destinado a reforzar os servizos e prestacións para facer fronte ás consecuencias sociais da actual crise de prezos e evitar situacións de exclusión; o eixo económico, incrementando o investimento como elemento de dinamización económica e xeración de emprego; medidas para contribuír a facer efectivo o dereito de acceso a unha vivenda digna; a defensa dunha

*presupuestos. Decía textualmente: el 1 de enero no habrá presupuesto aprobado. Se equivocaron ustedes de plano.*

*Con el acuerdo político entre el Gobierno local y el BNG para la aprobación del proyecto de presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el año 2024 se da cumplimiento a uno de los compromisos que figuraban en el acuerdo de investidura suscrito entre los grupos municipales del PSdeG-PSOE y el BNG. Cito textualmente: iniciar la negociación de los presupuestos con tiempo suficiente para que haya unos presupuestos aprobados que puedan entrar en vigor el 1 de enero, y eso de por sí ya es un logro. Era malo para A Coruña seguir funcionando con presupuestos prorrogados y desde hace años, o bien no hubo presupuestos, o bien estos entraron en vigor con el ejercicio muy avanzado. Por eso, que haya un acuerdo que permitirá dotar a la ciudad de nuevos presupuestos desde el primero día del ejercicio 2024 es algo de lo que todos y todas deberíamos felicitarlos.*

*Como todo acuerdo, para hacerlo posible hubo que buscar los puntos de encuentro y, por tanto, tener también la disposición a ceder por ambas partes, pero el proyecto de presupuestos incorpora gran parte de las propuestas del BNG y los grandes ejes que vertebran este proyecto son coherentes con las prioridades que a nuestro juicio deben orientar la acción municipal en los próximos ejercicios. El eje social, destinado a reforzar los servicios y prestaciones para hacer frente a las consecuencias sociales de la actual crisis de precios y evitar situaciones de exclusión; el eje económico, incrementando la inversión como elemento de dinamización económica y generación de empleo; medidas para contribuir a hacer efectivo el derecho de acceso a una vivienda digna; la defensa*





movilidade sostíbel e dunha cidade accesíbel; un compromiso claro coa cultura, co deporte e coa nosa lingua e unha aposta decidida pola revitalización e rexeneración dos barrios.

### **Ás trece horas e seis minutos entra no Salón de Sesiós o señor Lorenzo Torres.**

O Grupo Popular insiste en que de nada vale orzar se logo non se executa. Señores do PP, lémbrenlle iso tamén a Rueda a respeito dos orzamentos da Xunta de Galiza, mais teñan a seguridade de que desde a oposición seremos os primeiros en vixiar o cumprimento destes orzamentos e fiscalizar o seu grao de execución, pero para que se executen primeiro é imprescindible que os orzamentos conteñan as previsións necesarias para atender as necesidades da Coruña e iso está garantido. Non só iso, senón que ante o previsíbel levantamento da suspensión das regras fiscais, estes orzamentos aseguran que na Coruña haxa financiamento suficiente para acometer en 2024 e exercicios vindeiros os investimentos necesarios para a transformación da cidade.

O Grupo Popular dixo tamén que nestes orzamentos falta ambición, falta ambición nos orzamentos que son con diferenza os máis elevados da historia, cun incremento particularmente significativo nos investimentos. Non son ambiciosos en materia de vivenda cando se contemplan actuacións como a promoción de vivenda en alugueiro a prezo taxado e controlado polo Concello co obxectivo de chegar ás 500 vivendas? A conversión dentro do plan de vivenda 2024-2030 de Emvsa nunha verdadeira empresa pública de vivendas? A ampliación da bolsa de vivendas de

*de una movilidad sostenible y de una ciudad accesible; un compromiso claro con la cultura, con el deporte y con nuestra lengua y una apuesta decidida por la revitalización y regeneración de los barrios.*

### ***A las trece horas y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

*El Grupo Popular insiste en que de nada vale presupuestar si luego no se ejecuta. Señores del PP, recuérdenlo eso también a Rueda respecto a los presupuestos de la Xunta de Galicia, pero tengan la seguridad de que desde la oposición seremos los primeros en vigilar el cumplimiento de estos presupuestos y fiscalizar su grado de ejecución, pero para que se ejecuten primero es imprescindible que los presupuestos contengan las provisiones necesarias para atender las necesidades de A Coruña y eso está garantizado. No solo eso, sino que ante el previsible levantamiento de la suspensión de las reglas fiscales, estos presupuestos aseguran que en A Coruña haya financiación suficiente para acometer en 2024 y ejercicios siguientes las inversiones necesarias para la transformación de la ciudad.*

*El Grupo Popular dijo también que en estos presupuestos falta ambición, falta ambición en los presupuestos que son con diferencia los más elevados de la historia, con un incremento particularmente significativo en las inversiones ¿No son ambiciosos en materia de vivienda cuando se contemplan actuaciones como la promoción de vivienda en alquiler a precio tasado y controlado por el Ayuntamiento con el objetivo de llegar a las 500 viviendas? ¿La conversión dentro del plan de vivienda 2024-2030 de Emvsa en una verdadera empresa pública de viviendas? ¿La ampliación de la bolsa de*



Emvsa? A posta en marcha dun programa de asesoramento a persoas inquilinas? A cesión dun ou varios espazos para desenvolver o modelo de vivendas en réxime de alugueiro en cesión de uso? O impulso a rehabilitación?

Non deixa de sorprendere que se faga esta crítica por parte do partido que de momento goberna na Xunta de Galicia, a administración que ten as principais competencias en materia de vivenda, aínda que dende 2009 o Partido Popular esquecese de exercelas. 50 vivendas entregadas, ese é o balance dos últimos mandatos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Non son ambiciosos uns orzamentos que poñen os barrios no centro? Cun plan de investimento nos barrios destinado á humanización do espazo público, mellorando a calidade e a accesibilidade do espazo urbano? Un plan que vai acompañado de actuacións específicas nos distintos barrios froito da interlocución con asociacións de veciños o e tecido social barrial?

Son uns orzamentos sociais que aseguran a consolidación dos servizos e prestacións existentes: o inicio da redacción e implementación do plan de inclusión social; sufragar os programas de prevención e loita contra a drogadicción; e o impulso ó desenvolvemento do plan de saúde mental.

**Ás trece horas e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.**

Son tamén uns orzamentos comprometidos co medio ambiente. Nos orzamentos hai dotación suficiente para resolver a situación de moitas

*viviendas de Emvsa? ¿La puesta en marcha de un programa de asesoramiento a personas inquilinas? ¿La cesión de uno o varios espacios para desarrollar el modelo de viviendas en régimen de alquiler en cesión de uso? ¿El impulso a rehabilitación?*

*No deja de sorprender que se haga esta crítica por parte del partido que de momento gobierna en la Xunta de Galicia, la administración que tiene las principales competencias en materia de vivienda, aunque desde 2009 el Partido Popular se olvidara de ejercerlas. 50 viviendas entregadas, ese es el balance de los últimos mandatos del Partido Popular en la Xunta de Galicia.*

*¿No son ambiciosos unos presupuestos que ponen los barrios en el centro, con un plan de inversión en los barrios destinado a la humanización del espacio público, mejorando la calidad y la accesibilidad del espacio urbano? ¿Un plan que va acompañado de actuaciones específicas en los distintos barrios fruto de la interlocución con asociaciones de vecinos lo y tejido social barrial?*

*Son unos presupuestos sociales que aseguran la consolidación de los servicios y prestaciones existentes: el inicio de la redacción e implementación del plan de inclusión social; sufragar los programas de prevención y lucha contra la drogadicción; y el impulso al desarrollo del plan de salud mental.*

***A las trece horas y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.***

*Son también unos presupuestos comprometidos con el medio ambiente. En los presupuestos hay dotación suficiente para resolver la situación de muchas*





concesións de servizos municipais que se están prestando en precario, entre elas a planta de Nostián, pero ademais o acordo que serve de sustento a este proxecto de orzamentos contempla que na futura planta se asegure unha redución substancial da porcentaxe de refugallos e o seu tratamento co menor impacto ambiental, como tamén contempla a realización de campañas de sensibilización para favorecer a redución, reciclaxe e reutilización, a elaboración a través de Emalcsa dun plan metropolitano de xestión do ciclo da auga co obxectivo de incentivar o aforro e un mellor aproveitamento dos recursos hídricos ou a mellora e ampliación das zonas verdes da cidade, entre elas o impulso a un grande corredor verde seguindo o curso do río Monelos que melloren a convivencia da cidade consolidada coa súa contorna rural e rururbana e que permita conectar e poñer en valor os distintos núcleos rurais dos arredores da cidade. Como tamén hai unha aposta por unha nova mobilidade, asegurando que haxa dotación suficiente para o estudo do modelo de xestión do servizo de transporte público urbano e ampliación de horarios e intensificación das frecuencias dos buses, e tamén para a elaboración dun plan de mobilidade urbana, o desenvolvemento dun plan de accesibilidade universal e a mellora do servizo de BiciCoruña.

Son uns orzamentos comprometidos tamén coa cultura e o deporte nos que se contempla un plan de mellora dos recintos culturais e científicos, distintas liñas de axuda ós criadores e artistas locais e de fomento do disfrute da cultura polo conxunto dos cidadáns, un plan director de instalacións deportivas co obxectivo de analizar as necesidades e incrementar a mellora das infraestruturas dedicadas á práctica do

*concesiones de servicios municipales que se están prestando en precario, entre ellas la planta de Nostián, pero además el acuerdo que sirve de sustento a este proyecto de presupuestos contempla que en la futura planta se asegure una reducción sustancial del porcentaje de desechos y su tratamiento con el menor impacto ambiental, como también contempla la realización de campañas de sensibilización para favorecer la reducción, reciclaje y reutilización, la elaboración a través de Emalcsa de un plan metropolitano de gestión del ciclo del agua con el objetivo de incentivar el ahorro y un mejor aprovechamiento de los recursos hídricos o la mejora y ampliación de las zonas verdes de la ciudad, entre ellas el impulso a un gran corredor verde siguiendo el curso del río Monelos que mejoren la convivencia de la ciudad consolidada con su entorno rural y rural-urbano y que permita conectar y poner en valor los distintos núcleos rurales de los alrededores de la ciudad. Como también hay una apuesta por una nueva movilidad, asegurando que haya dotación suficiente para el estudio del modelo de gestión del servicio de transporte público urbano y ampliación de horarios e intensificación de las frecuencias de los buses, y también para la elaboración de un plan de movilidad urbana, el desarrollo de un plan de accesibilidad universal y la mejora del servicio de BiciCoruña.*

*Son unos presupuestos comprometidos también con la cultura y el deporte en los que se contempla un plan de mejora de los recintos culturales y científicos, distintas líneas de ayuda a los criadores y artistas locales y de fomento del disfrute de la cultura por el conjunto de los ciudadanos, un plan director de instalaciones deportivas con el objetivo de analizar las necesidades e incrementar la mejora de las infraestructuras dedicadas a la*



deporte acompañado das dotacións necesarias para asegurar o mantemento e a realización das obras de reforma e mellora necesarias nas piscinas municipais na Cidade Deportiva da Torre “Arsenio Iglesias” e no resto dos complexos deportivos, e unha aposta decidida por mellorar e ampliar a rede de bibliotecas e apoiar o sector do libro, aínda que advirto que hai aspectos neste proxecto de orzamentos que hai que clarificar antes da súa aprobación definitiva para que os orzamentos definitivos se axusten ó pactado.

E son tamén uns orzamentos comprometidos coa normalización da nosa lingua.

Non quero rematar sen referirme a compromisos plasmados no acordo político que facilitou este proxecto de orzamentos e que teñen unha grande relevancia para o futuro da Coruña. Refírome ó inicio dunha nova negociación sobre o antigo cárcere, o impulso á creación da área metropolitana —o futuro da Coruña non se pode deseñar sen atender a esta dimensión—, o impulso por parte do Concello dunha solución para a xestión dos terreos portuarios acompañada da proposta dun novo convenio e da exigencia da condonación da débeda da Autoridade Portuaria derivada da construción do porto exterior, un acordo que complementa o acadado en Madrid, que asegura o mantemento da titularidade pública dos terreos e o compromiso do Goberno central de contribuír de xeito significativo ó financiamento da súa transformación. Un acordo de investidura, o suscrito en Madrid, que complementa o acordo de investidura suscrito xa hai catro anos no que se contemplaba, entre outras medidas, a proposta do BNG ó impulso á

*práctica del deporte acompañado de las dotaciones necesarias para asegurar el mantenimiento y la realización de las obras de reforma y mejora necesarias en las piscinas municipales en la Ciudad Deportiva de la Torre “Arsenio Iglesias” y en el resto de los complejos deportivos, y una apuesta decidida por mejorar y ampliar la red de bibliotecas y apoyar el sector del libro, aunque advierto que hay aspectos en este proyecto de presupuestos que hay que clarificar antes de su aprobación definitiva para que los presupuestos definitivos se ajusten al pactado.*

*Y son también unos presupuestos comprometidos con la normalización de nuestra lengua.*

*No quiero finalizar sin referirme a compromisos plasmados en el acuerdo político que facilitó este proyecto de presupuestos y que tienen una gran relevancia para el futuro de A Coruña. Me refiero al inicio de una nueva negociación sobre la antigua cárcel, el impulso a la creación del área metropolitana —el futuro de A Coruña no se puede diseñar sin atender a esta dimensión—, el impulso por parte del Ayuntamiento de una solución para la gestión de los terrenos portuarios acompañada de la propuesta de un nuevo convenio y de la exigencia de la condonación de la deuda de la Autoridad Portuaria derivada de la construcción del puerto exterior, un acuerdo que complementa el alcanzado en Madrid, que asegura el mantenimiento de la titularidad pública de los terrenos y el compromiso del Gobierno central de contribuir de manera significativa a la financiación de su transformación. Un acuerdo de investidura, el suscrito en Madrid, que complementa el acuerdo de investidura suscrito ya hace cuatro años en el que se contemplaba, entre otras medidas, la propuesta del BNG al impulso*



rexeneración da ría do Burgo e o acceso ferroviario ó porto exterior.

Por iso, como dicía no seu editorial un xornal local, é un acordo que marcará o futuro da Coruña. Como dixen antes, hoxe se vota a aprobación inicial do proxecto dos orzamentos, condición indispensable para que poidan seguir o seu trámite e, como advertín, hai aspectos neste proxecto que hai que clarificar antes da súa aprobación definitiva para que os orzamentos definitivos se axusten ó pactado, mais en calquera caso A Coruña necesita uns novos orzamentos e sobre todo uns bos orzamentos e estes sono. Estou convencido de que con estes orzamentos quen gaña é A Coruña.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular, señor Lorenzo.

### **Señor Lorenzo Torres**

*Ben, grazas, señora alcaldesa.*

*Bos días de novo a todos e a todas, presentes e ás persoas que nos seguen en directo.*

